

ORDENANZA FISCAL NÚM. 3
REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS,
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME

(BOP número 296, do 28 de decembro de 1998)
(BOP número 285, do 14 de decembro de 2000)
(BOP número 283, do 12 de decembro de 2001)
(BOP número 284, do 12 de decembro de 2002)
(BOP número 67, do 23 de marzo de 2004)
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)
(BOP número 285, do 15 de decembro de 2005)
(BOP número 286, do 15 de decembro de 2006)
(BOP número 286, do 13 de decembro de 2007)
(BOP número 290, do 18 de decembro de 2008)
(BOP número 236, do 14 de decembro de 2011)
(BOP número 237, do 13 de decembro de 2012)
(BOP número 238, do 16 de decembro de 2013)
(BOP número 212, do 9 de novembro de 2016)
(BOP número 100, do 29 de maio de 2018)
(BOP número 227, do 28 de novembro de 2018)

Artigo 1.- Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, por instancia de parte, de toda clase de documentos que expidan e os expedientes que entenden os órganos de goberno desta deputación ou a administración da mesma.

2.- Entenderase tramitada por instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa polo interesado.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do

17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa

Artigo 4.- Beneficios fiscais.

Nas taxas correspondentes aos dereitos de exame establécese un réxime de exención do 100 por cento aos membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50 por cento para os de categoría xeral. Estes beneficios fiscais deberán ser solicitados expresamente polo suxeito pasivo perante a Deputación Provincial no momento de presentación da solicitude para tomar parte nas probas selectivas. Para estes efectos deberá achegarse documentación xustificativa da súa condición de membro de familia numerosa e da categoría na que se clasifique, na correspondente data do devengo.

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais na presente taxa que os expresamente establecidos en normas con rango de lei ou os derivados dos tratados internacionais.

Artigo 5.- Devengo.

1.- A taxa devéngase cando se presente a solicitude que inicie a actuación administrativa, que non se realizará ou tramitará sen que se teña efectuado o pagamento correspondente.

2.- Nos casos a que se refire o art. 2-2, o devengo producirase cando se inicie a tramitación nos documentos e expedientes por parte da deputación, sen a solicitude previa do interesado, pero que redunde no seu beneficio.

Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.

As Bases de imposición e tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

1.- Detalle de documentos en expediente administrativo, cuxos orixinais queden en poder de particulares, cada folio 1,70 €

2 - Certificacións:

2.1.- ordinarias, cada folio 4,85 €.

2.2.- Prestación do servizo de expedición de documentos catastrais a través do Punto de Información Catastral:

2.2.1.- Por certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a un inmovible, por documento expedido: 13,50 euros.

Cando as certificacións descritivas ou gráficas incorporen, a petición do interesado datos doutros inmovibles, a contía incrementarase en 4,55 euros por cada inmovible.

ORDENANZA FISCAL N.º 3

2.2.2.- Por certificacións catastrais literais, por cada documento expedido: 4,55 euros.
Incrementarase en 4,55 euros por cada un dos bens inmobles a que se refira o documento.

2.2.3.- Outro tipo de certificacións distintas ás anteriores: 4,55 euros.

3.- Copia simple de documentos:

3.1.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos. Primeira folla, 1,05 €. Cada unha das follas seguintes, 0,25 €

3.2.- Por cada copia en branco e negro en papel formato DIN-A4 ou tamaño folio de documentos que figuren en expedientes administrativos que constan nos centros de Arquivo de titularidade da Deputación Provincial da Coruña. Primeira folla, 1,70 €. Cada unha das follas seguintes, 0,60 €.

4.- Planos e documentos técnicos:

Das copias de planos existentes en calquera dependencia provincial, non suxeitas a outra taxa, segundo formato:

4.1.- Planos tamaños DIN-A4, 1,45 €

4.2.- Planos tamaños DIN-A3, 2,90 €

4.3.- Planos tamaños DIN-A2, 5,70 €

4.4.- Planos tamaños DIN-A1, 11,30 €

4.5.- Planos tamaños maior que DIN-A1, 20,85 €

5.- Contratos administrativos - Formalización: en toda clase de contratos administrativos, calquera que sexa o procedemento de adxudicación, e atendendo ás diversas fases do expediente administrativo, aplicaranse as seguintes tarifas, por contía do contrato que vén determinada polo orzamento de adxudicación:

5.1.- Contratos administrativos ata 18.000 €, 30,00 €.

5.2.- Contratos administrativos con orzamento de adxudicación superior a 18.000 €:

Ademais da cota de 30,00 €, por contía do contrato aplicarase a modalidade de alícuota por tramos:

5.2.1.- Se o valor non excede de 30.000,00 € o 0,18%.

5.2.2.- Polo exceso, entre 30.000,01 € ata 300.000,00 €, 0,08%.

ORDENANZA FISCAL N.º 3

5.2.3.- Polo que excede de 300.000,00 €, 0,03%.

6.- Validación de poderes e lexitimación de personalidade sempre que se solicite a súa achega para realizar actos, contratos e outros trámites desta deputación ou dos establecementos que dela dependen:

6.1.- Persoas xurídicas, 10,10 €

6.2.- Persoas físicas, 5,10 €

7.- Expedición de duplicados e informes en relación con datos que constan na base informática dos Servizos Tributarios:

7.1.- Informe sobre a situación dunha liquidación en xestión de cobro, 2,40 €.

7.2.- Informe acerca de se un obrigado está ao corrente no pago das súas débedas, 4,10 €.

7.3.- Outros informes sobre situacións tributarias, 4,60 €.

8.- Expedición de informes en relación con datos que constan na base informática do Servizo de Contabilidade, relativos ao saldo contable a unha data e/ou operacións realizadas durante un período de tempo determinado entre a empresa ou entidade solicitante e esta deputación: 4,10 €.

9- Dereitos de exame.

Selección de persoal funcionario e laboral entre quen solicite participar nas correspondentes probas de acceso aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral, así como a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal, convocadas por esta Deputación provincial.

9.1.- Subgrupo A1, 32,10 €

9.2.- Subgrupo A2, 24,05 €

9.3.- Subgrupo B, 20,00 €

9.4.- Subgrupo C1, 16,10 €

9.5.- Subgrupo C2, 12,10 €

9.6.- Agrupación Profesional, 9,65 €

9.7.- Inscripción nos procesos selectivos para a selección de persoal funcionario interino e laboral temporal, 10,00 €

10.-Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 7.- Liquidación e recadación.

1.- Esta taxa poderase liquidar por medios informáticos que emitirán ou estamparán, segundo os casos, selos provinciais polo importe que corresponda segundo a tarifa, de acordo co establecido no art. 39 da Ordenanza Fiscal Xeral.

2.- Nos casos de utilización de selo ou selos, estes adheriranse ós documentos correspondentes.

3.- No outro suposto a máquina estampará sobre o propio documento o selo administrativo da liquidación e pagamento da correspondente taxa.

4.- Ademais do procedemento regulado nos apartados anteriores, as taxas poderanse ingresar por liquidación obtida pola administración a través de medios informáticos. O modelo ou modelos de documento, procedemento e control establecerase por resolución da Presidencia, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

5.- A taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación. Neste suposto, por Resolución da Presidencia, coa debida publicidade a través do BOP e, no seu caso, nos xornais de maior difusión da provincia, aprobarase o modelo de declaración-liquidación a utilizar polos contribuíntes así como o procedemento de xestión.

Artigo 8.- Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza fiscal, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal, derroga a aprobada polo Pleno con data do 10 de outubro de 1995. Entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Diligencia.- A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña o día 23 de decembro de 1998.

-
- Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2000 (BOP núm. 285 con data do 14 de decembro de 2000) foi modificado o art. 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2001.
 - Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2001 (BOP núm. 283 con data do 12 de decembro de 2001) foron modificados a denominación da ordenanza e o art. 6. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2002.
 - Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2002 (BOP núm. 284 con data do 12 de decembro de 2002) foi modificado o art. 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2003.

ORDENANZA FISCAL N.º 3

- Por acordo plenario celebrado o día 30 de xaneiro de 2004 (BOP núm. 67 con data do 23 de marzo de 2004) foron modificados os artigos 4 e 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de abril de 2004.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1, 3 e 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2005.
- Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2005 (BOP núm. 285 con data do 15 de decembro de 2005) foi modificado o art. 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2006.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2006 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 2006) foron modificados os artigos 6 e 7.1. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2007.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2007 (BOP núm. 286 con data do 13 de decembro de 2007) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2008.
- Por acordo plenario celebrado o día 31 de outubro de 2008 (BOP núm. 290 con data do 18 de decembro de 2008) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2009.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2011 (BOP núm. 236 con data do 14 de decembro de 2011) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2012.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2012 (BOP núm. 237 con data do 13 de decembro de 2012) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2013.
- Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2013 (BOP núm. 238 con data do 16 de decembro de 2013) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2014.
- Por acordo plenario celebrado o día 9 de setembro de 2016 (BOP núm. 212 con data do 9 de novembro de 2016) foi modificado o artigo 6.5. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2017.
- Por acordo plenario celebrado o día 23 de marzo de 2018 (BOP núm. 100 con data do 29 de maio de 2018) foi modificado o apartado 9 do artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 30 de maio de 2018.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de setembro de 2018 (BOP núm. 227 con data do 28 de novembro de 2018) foi modificado o apartado 9 do artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2019.